

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 11, 1-45

Naquel tempo, Lázaro de Betania, da aldea de María e da súa irmá Marta, caera enfermo. María fora a que unxira ó Señor con perfume e lle enxugara os pés cos seus cabelos; o seu irmán Lázaro era o enfermo. Por iso, as irmás mandaron a dicirlle a Xesús:

– «Señor, mira, o que amas está enfermo.»

Ó oílo, dixo Xesús:

– «Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.»

Xesús queríaalles moito a Marta, á irmá dela, e mais a Lázaro. Aínda que oíu que este estaba enfermo, deixouse estar aínda por dous días no sitio onde se atopaba. Despois disto, díxolles ós discípulos:

– «¡Vaiamos outra vez á Xudea!»

Os discípulos respondéronlle:

– «Mestre, aínda non hai nada que te querían apedrar os xudeus, ¿e vas ir outra vez alí?»

Xesús replicou:

– «¿Non hai doce horas de día? Se alguén camiña de día, non tropeza, pois ve a luz deste mundo; mais se alguén camiña de noite, tropeza, pois non hai luz nel.»

En dicindo isto, proseguiu:

– «Lázaro, o noso amigo, dorme; pero eu vouno espertar.»

Dixéronlle entón os discípulos:

– «Señor, se dorme, curará.»

Xesús dicíao da morte. Pero eles coidaban que falaba do repouso do

sono. Entón Xesús díxolles abertamente:

– «Lázaro morreu, e alégrome por vós de non estarmos alí, para que creades. ¡Así que vamos onda el!»

Díxolles entón Tomé -o chamado Xemelgo- ós outros discípulos:

– «¡Vaíamos tamén nós morrer con el!»

Xesús é a Resurrección e a Vida: 11, 17-27

Cando chegou Xesús, atopouse con que Lázaro xa levaba catro días no sepulcro. Betania estaba preto de Xerusalén, a uns tres quilómetros: moitos dos xudeus foran onda Marta e María para lles daren o pésame polo irmán. Cando oíu Marta que Xesús estaba chegando, saíulle ó encontro. María, en cambio, quedou na casa. Díxolle entón Marta a Xesús:

– «Señor, se ti estiveses aquí, non morrería meu irmán; pero eu sei que, aínda agora, Deus che concederá calquera cousa que lle pidas.»

Xesús díxolle:

– «Teu irmán resucitará.»

Marta respondeulle:

– «Ben sei que resucitará na resurrección, no día derradeiro.»

Díxolle Xesús:

– «Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, aínda que morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais. ¿Cres ti isto?»

Ela respondeu:

– «Si, Señor: eu creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ó mundo.»

E, ditas estas cousas, saíu e chamou por María, súa irmá, dicíndolle polo baixo:

– «O Mestre está aquí e chama por ti.»

Ela, ó oílo, ergueuse de contado e foi onda el. (Aínda non chegara Xesús á aldea, senón que estaba no mesmo sitio onde o atopara Marta). Entón os xudeus que estaban con ela na casa para lle daren o pésame,

vendo a María que se ergueu de contado e saíu, foron detrás dela, coidando que ía á sepultura para chorar alí. María chegou onde estaba Xesús e, ó velo, caeu ós seus pés, dicíndolle:

– «Señor, se ti estiveses aquí, non morrería meu irmán.»

Ó ver Xesús que ela estaba chorando, e tamén os xudeus que viñeran con ela, apertóuselle o corazón e, profundamente conmovido, preguntou:

– «¿Onde o puxestes?»

Contestáronlle:

– «Señor, ven ver.»

E Xesús botouse a chorar.

Entón comentaban os xudeus:

– «¡Ai que ver como o quería!»

Pero algúns deles dixeron:

– «E logo este, que deu vista ós ollos dun cego, ¿non podía facer que non morrese?»

Xesús devólvelle a vida a Lázaro: 11, 38-44

Xesús estremecéndose de novo, chegou á sepultura. Era unha cova, e tiña unha pedra por riba.

Xesús ordenou:

– «Arredade a pedra.»

Marta, a irmá do finado, díxolle:

– «Señor, xa cheira, que leva catro días.»

Xesús contestoulle:

– «¿Non che dixen que se cres, verás a gloria de Deus?»

Arredaron entón a pedra. Xesús ergueu os ollos e dixo:

– «Meu Pai, douche grazas porque me escoitaches. Eu ben sabía que ti sempre me escoitas, pero díxeno pola xente que está aquí, para que crean que ti me mandaches.»

E dito isto, gritou con voz forte:

– «¡Lázaro, ven para fóra!»

Saíu o morto; tiña os pés e as mans atados con vendas e a cara envolta nun sudario. Xesús ordenoulles:

– «Desenleádeo e deixádeo ir.»

Entón, moitos dos xudeus que viñeran onda María, vendo o que fixo, creron nel.